

Laudatio do Alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, para o acto de entrega da Medalla de Ouro ao Museo do Pobo Galego.

Venres, 15 de febreiro de 2008

20,00 horas

Santiago de Compostela cumpre o deber do agradecemento ao concederlle ao Museo do Pobo Galego a Medalla de Ouro, na súa modalidade de Mérito Cultural, como recoñecemento ao esforzo realizado para converter a capital de Galicia tamén na capital da cultura tradicional galega.

Os membros da Xeración Nós soñaron coa creación dun centro no que todos os galegos e galegas se puideran recoñecer. Aquel soño, truncado polo paso devastador dos violentos e dos irracionais quedou afastado no tempo.

A penas estreada a democracia, Rafael Baltar, Carlos García Martínez e Xusto Beramendi, coa axuda de moitos outros, lograron resucitar a iniciativa do Seminario de Estudos Galegos frustrada pola ditadura de Franco.

Coa participación de importantes persoeiros coma Xaquín Lorenzo, Luciano García Alén, Fernández Albor, García-Sabell, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego entre outros; e, contando sempre co apoio do Concello de Santiago foi posible poñer en marcha o Museo, que se instalou na ala norte de San Domingos de Bonaval en 1977. Dende entón, este proxecto colectivo foi imparable e tanto fundadores, como socios e voluntarios traballaron sen descanso a prol da recuperación da memoria colectiva e histórica do país ata lograr consolidalo e convertelo nunha institución respectada por todos.

O Museo do Pobo Galego é unha mostra do que somos para a xente de fóra que desexa coñecernos, pero sobre todo é para nos recoñecer, para reivindicar a nosa idiosincrasia, e sermos conscientes de que un pobo que non se identifica a si mesmo, non pode avanzar.

Non é frecuente que unha iniciativa xurdida da sociedade civil acadase semellante éxito, pero este era un museo que como proclamaba o seu nome, nacía dende o pobo e para o pobo, e esta idea calou fondo na sociedade. Era un momento moi importante, o momento preciso para salvagardar o que o progreso malentendido ía condenar á desaparición. O papel do museo foi decisivo no proceso de recuperación e normalización da nosa cultura. Con grande esforzo foi logrando os seus obxectivos, procurando cumprir cos criterios internacionais e soportando sempre de maneira firme un ideario de apoio á nosa historia, ás nosas tradicións e á nosa lingua.

Os máis de mil socios cos que conta o organismo, o feito de que case o 90% dos fondos do centro procedan de doazóns e depósitos, ao igual que boa parte dos cen mil volumes que atesoura -entre eles varias bibliotecas de escritores, estudosos e investigadores- son datos que demostran a vixencia deste compromiso social.

Hoxe, 30 anos despois de que se fixera realidade o soño da Xeración Nós, dos galeguistas que mantiveron aceso o facho e dos fundadores desta entidade, o Museo do Pobo Galego é un dos mellores exemplos de xestión do patrimonio cultural en Galicia. Trinta fecundos anos cheos de ilusión, de traballo, de loitar por cada mellora, por cada incorporación, por cada ampliación. E aínda que con trinta anos non se pode dicir de ninguén que sexa vello, para unha institución cultural, chegar a esta idade supón converterse nun proxecto consolidado e maduro que satisface a Compostela.

Este é o primeiro museo de Galicia que, desde a perspectiva da antropoloxía cultural, intenta abranguer e relacionar as diversas manifestacións humanas no seno dunha comunidade diferenciada. O primeiro tamén, que recolle, conserva e estudia nas súas salas as mostras da cultura espiritual e material para axudar, a través desa realidade, á planificación do futuro colectivo. Reflectir a evolución da sociedade tradicional e dunha cultura que non se pode explicar polos libros é a base da diferenza e a materia prima para novas creacións. Por este motivo, o Museo do Pobo galego é un banco de capital simbólico que debemos aproveitar e difundir.

Ademais do xa citado labor de recuperación, recollida e conservación do noso patrimonio cultural e material, a cidade tamén agradece ao Museo o labor realizado a través dos seus servizos didácticos que traen cada ano a milleiros de estudantes a estas salas; a ampla diversidade das exposicións temporais; a biblioteca; as propostas de integración educativa da etnografía mediante os certames Antonio Fraguas ou os preto de 100.000 visitas anuais que mantén como media e que constitúen boas mostras do desenvolvemento do centro.

Podemos sentirnos afortunados por contar na nosa cidade con este centro cultural único, reflexo da iniciativa universalizadora da sociedade galega e das posibilidades da mobilización social. Un centro que é exemplo de moitas cousas que van máis alá da cultura no sentido estrito do termo.

As respostas a estas novas demandas vanse incorporando ao programa da institución. Os temas de actualidade analízanse nos encontros 'O feito diferencial galego' que cada ano atenden a un tema de xeito monográfico. Ao tempo, tamén a actividade do Instituto das identidades vai no sentido de desenvolver análise e investigación sobre temas actuais.

Ademais dos éxitos no ámbito cultural, o museo é tamén un exemplo da recuperación de edificios históricos para os novos tempos e da reutilización de espazos que caracteriza a esta cidade. No pasado o convento foi a semente da expansión de Compostela alén muros, convertendo a zona de Bonaval en eixe vertebrador que conectou o casco vello co barrio de San Pedro. Na actualidade representa un modelo de xestión e colaboración entre as entidades privadas e as administracións públicas, ofrecendo unha proba irrefutable dos resultados que pode aportar esta fórmula de recuperación, rehabilitación e posta en uso do patrimonio.

O centro enfróntase ao futuro coa consciencia de que hai que responder aos retos dun contorno cada vez máis cambiante. Neste senso esforzámonos para que o Museo do Pobo Galego siga evolucionando ao compás da sociedade

que lle dá sustento. Esta é unha premisa que o Concello ten presente nas actuacións realizadas ao seu redor.

A presenza do Panteón de Galegos Ilustres, a utilización da igrexa como espazo cultural, a recuperación do Parque de Bonaval e a ubicación do Centro Galego de Arte Contemporánea dentro do contorno do museo, foi parte dunha estudiada planificación coa que o Concello conseguiu dinamizar esta zona da cidade e convertela nun dos epicentros da cultura e do ocio do casco histórico.

Coa concesión desta Medalla o Concello salda unha débeda que tiña contraída co Museo como institución polo seu labor e actividades e, que xa recoñecera coa concesión das Medallas de Ouro da Cidade, aos dous Presidentes da entidade: o inesquecible Antón Fraguas, e o actual presidente Isaac Díaz Pardo, a quen o museo lle debe moitos anos de desveos. Non quero deixar pasar esta oportunidade sen agradecerlle o seu labor a prol da recuperación das nosas tradicións. Isaac é a expresión do amor pola historia e polo patrimonio de Galicia.

A medalla que hoxe se lle concede ao museo tamén é un recoñecemento ao labor certo e minucioso do director da entidade, Carlos García Martínez; á dedicación incansable e esforzada da secretaria do centro, M^a Xosé Fernández; e ás aportacións de todos os que fixeron posible a existencia do Museo do Pobo Galego, unha entidade que non só é importante para manter viva a nosa memoria, senón que tamén é imprescindible para botar luz sobre o noso futuro.

Por este motivo, desde o Concello manteremos firme o noso compromiso de colaboración co museo; porque o consideramos necesario; porque estamos orgullosos do labor desenvolvido durante estes trinta anos; e porque este valioso organismo converte á nosa cidade nun punto de referencia obrigado para quen, desde calquera parte do mundo, queira coñecer ou afondar na riqueza da cultura galega.

Moitas grazas a todos.

